



ALEGA

**Asociación de
Labregos Ecológicos
de Galicia**

Cal foi o noso xermolo?




A raíz do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, varias explotacións colaboramos co GDR Mariñas-Betanzos nunha iniciativa piloto para o consumo de produtos ecolóxicos e de proximidade en centros escolares do territorio.

É entón cando agroma a inquedaanza por unir forzas e tentar ofertar un servizo en común aos centros escolares que depositasen a súa confianza na iniciativa.

As familias poderán tamén realizar pedidos e recollelos nos propios centros. Xurde así ALEGA.

Na actualidade somos tres explotacións que estamos a unir os nosos esforzos e ilusións neste proxecto.

Coñécenos ...



- 1** Labrecos S.Coop Galega
Xuvenil
- 2** Horta Sueiriña
- 3** Asociación Raiña Paraiso

Labrecos S.Coop Galega Xuvenil



Aitor e Ivan dous irmáns que xestionamos unha explotación en **Cesuras**, na parroquia de Dordaña.

Temos certificadas polo **CRAEGA** máis de **17 Ha** ao aire libre e **3.800 m2** de invernadoiros.

Orientacións: **horta, produción animal e conservas naturais ecolóxicas** elaboradas cos excedentes de horta (tomate triturado, pisto, cenoria e grelos ao natural).

Horta Sueiriña



Liderada por Tamara Sueiro. Unha moza que decidíu deixar a cidade e vivir no rural.

Ten a súa explotación en 2 concellos: **Curtis e Sada.**

Conta cunha explotación de 930 m² de invernadoiros e 4 hectáreas o aire libre.

Ofrece verduras e hortalizas de tempada.

Asociación Raiña Paraiso



Asociación sen ánimo de lucro, para **xerar oportunidades laborais no eido rural.**

Cultivan fincas cedidas de xeito gratuito nos concellos de **Mesía, Oza Cesuras e Vilasantar.** (Xestionan a Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar).


Ofrecen produtos de horta, avicultura e **conservas vexetais ecolóxicas desde 2015.**

Estamos certificados

Polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia



A agricultura ecolóxica é un sistema de produción que busca conseguir alimentos de calidade respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade do solo.



Sen pesticidas

Sen aditivos sintéticos

Sen organismos xenéticamente modificados

Sostible co medio ambiente

Respetuosa coa natureza

Somos Reserva da Biosfera



As Reservas de Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar conservación ambiental e desenvolvemento sostible.

A Reserva “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” foi declarada pola UNESCO en maio de 2013.

Abarca unha superficie de 1.140 km², situada entre as rías do Burgo e Betanzos e conformada polas cuncas dos ríos Mero e Mandeo.

Funcionamento dos Grupos Consumo



Disponibilidade os venres - Pedidos o sábado

O venres envíase a dispoñibilidade que hai de produtos. Pode pedirse ata as 23.55h do sábado.



Entrega os martes

O martes entréganse os pedidos na escola.

(Nos horarios acordados con cada colexio teredes os produtos nunha caixa co voso nome, no lugar que a escola acorde para tal fin).



Levar a vosa bolsa

Só teredes que recoller nas vosas propias bolsas ou carro os produtos e deixar a caixa para posteriores entregas.

Funcionamento dos Grupos Consumo



Pedido mínimo 10€

O pedido mínimo é de 10 euros. (Se non hai o mínimo de 8 produtos dispoñibles non se cobra pedido mínimo).



Prezos estables - Adaptarse á temporalidade

Os prezos mantéñense durante toda a tempada, non hai fluctuacións. O importante é adaptarse á temporalidade.





Pago domiciliado

Unha vez rematado o mes emitimos domiciliación bancaria polo importe da suma de todos os pedidos do mes ao que se lle suma a cantidade de 2 euros en concepto de xestión de pedidos e loxística.

Contacto

ALEGA- Asociación de Labregos Ecológicos de Galicia



labregosecoloxicos@gmail.com



681 077 129

**Lugar O Castro (Dordaño)
15391 Cesuras- A Coruña**